

B) Cando se trate de servizos periódicos:

- Nos supostos de licenzas de acometida, a taxa esixirase en réxime de autoliquidación. O suxeito pasivo deberá efectuar o ingreso correspondente no momento de presentala solicitude para que esta sexa admitida a trámite.
- Unha vez incluído no padrón correspondente, practicarase a liquidación con periodicidade trimestral, debendo facerse o ingreso nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ó público.

ARTIGO 9º. – NORMAS DE XESTIÓN.

- As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicita e demais requisitos que esixa cada concello.
- Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos non periódicos.
- Cando remate a necesidade do servizo, por cambio de propietario ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirán efectos no trimestre natural seguinte ó da súa presentación. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

ARTIGO 10º. – INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os procedementos de liquidación e recadación regulados nesta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**12º. – ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS DE INMOVILIZACIÓN
OU RETIRADA DE VEHÍCULOS NA VIA PÚBLICA.**

ARTIGO 1º. – NATUREZA E FUNDAMENTO.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 57 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da citada Lei, o Pleno do Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa polos servizos de inmovilización ou retirada de vehículos na vía pública.

ARTIGO 2º. – FEITO IMPOÑIBLE.

O feito imponible da taxa que se establece, está constituído pola prestación de servizos municipais conducentes á inmovilización, retirada, depósito e custodia daqueles vehículos abandonados ou aparcados indebidamente nas vías públicas, ou que perturben a circulación polas mesmas. Ditos servizos son de recepción obrigatoria, e prestados de oficio ou en virtude de denuncia particular.

As actuacións reguladas na presente Ordenanza, motivadas pola actuación directa ou indirecta dos particulares, poden se-las seguintes:

- a) Inmobilización de vehículos por procedementos mecánicos.
- b) Retirada e transporte de vehículos da vía pública, ben por abandono ou estacionamento defectuoso ou abusivo.
- c) Depósito e custodia dos vehículos retirados da vía pública, ata a súa recollida polos propietarios ou interesados.

ARTIGO 3º. –DEVENGO

A taxa regulada pola presente Ordenanza devengarase, e nacerá a obriga de contribuír, coa iniciación da prestación, por parte do persoal municipal, de calquera dos servizos enumerados no artigo anterior. Entenderase que se deu comezo á prestación do servizo cando, detectado o vehículo infractor, se inicien os labores para a súa inmovilización ou retirada da vía pública.

ARTIGO 4º. –SUXEITO PASIVO.

Serán suxeitos pasivos da presente taxa, como contribuíntes ou substitutos dos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas que resulten se-los propietarios dos vehículos afectados. Serán suxeitos pasivos contribuíntes os condutores dos vehículos.

ARTIGO 5º. –RESPONSABLES.

Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 6º. –EXENCIÓNS E BENEFICIOS FISCAIS.

Unicamente estarán exentos do pago das taxas polos servizos regulados na presente Ordenanza, os traslados de vehículos que sexa preciso retirar das vías públicas nos supostos previstos nos números 11 e 12 do apartado III-B) do artigo 292, do Código da Circulación.

ARTIGO 7º. –COTA TRIBUTARIA.

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

Non obstante, cando o condutor do vehículo ou persoa responsable do mesmo se faga cargo del e proceda a retiralo pola súa conta, sen que se teña efectuada a inmovilización ou o traslado pola administración municipal, despois de ter avisada á grúa ou disposto o aparato mecánico inmovilizador, a cota que resulte da aplicación da tarifa, reducirase nun 20%.

TARIFA			
VEHÍCULO	POR RETIRADA €	POR INMOBILIZACIÓN €	POR DEPÓSITO (€/DÍA)
Ciclomotores	15,70	11,85	7,85
Motocicletas	23,60	15,70	11,85
Turismos	52,50	26,25	15,70
Furgonetas e semellantes (ata 1.000 Kg)	59,05	26,25	19,65
Furgonetas e semellantes (de máis de 1.000 Kg)	65,70	32,85	26,25
Camións de 3 a 10 Tm.	72,15	39,30	32,85
Camións de máis de 10 Tm. e autobuses	118,15	65,70	39,30

ARTIGO 8º. –XESTIÓN E RECADACIÓN.

Non serán devoltos os vehículos obxecto de recollida ou inmovilización mentres non se teña feito efectivo o pago das cotas que lle correspondan segundo a tarifa, salvo para o caso no que se interpuxese reclamación e se depositase fianza.

O pago das cotas que se liquiden pola presente taxa, non exclúe a obriga do aboo das multas que fosen procedentes, por infracción das normas de circulación ou policía urbana.

Os vehículos retirados da vía pública, e depositados polos servizos municipais, e que teñan pendentes de pago multas de tráfico ou cotas do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, non poderán ser recuperados polo condutor ou propietario en tanto non se fagan efectivos os referidos pagos.

Respecto á multa imposta por estacionamento antirregulamentario, poderá ser satisfeita voluntariamente polo interesado para a retirada do vehículo. Caso de non satisfacela, seguirase o procedemento xeral establecido a tal efecto.

O Concello poderá celebrar concerto cos garaxes ou empresas particulares do municipio, para a prestación do servizo de grúa e depósito dos vehículos retirados das vías públicas, se o coidase necesario ou conveniente. En tal caso, as empresas adxudicatarias deberán formalizar unha póliza de seguro para responder dos posibles desperfectos que se poidan ocasionar ós vehículos, con motivo da prestación do servizo.

ARTIGO 9º.—INFRACCIÓN E SANCIÓN TRIBUTARIAS.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

13º.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS E TERREOS DE USO PÚBLICO CANDO DEN ACCESO A ESTABLECEMENTOS INDUSTRIAIS OU COMERCIAIS, RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUEIRA CLASE.

ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO.

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación da Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e terreos de uso público cando dean acceso a establecementos industrias ou comerciais, reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúen o feito impoñible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da taxa.

ARTIGO 3º.—SUXEITOS PASIVOS.

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo segundo.

Serán suxeitos pasivos substitutos do contribuínte desta taxa os propietarios dos terreos e locais ós que dean acceso ditas entradas de vehículos, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.